

RESOLUCIÓN DE ADXUDICACIÓN DO ÓRGANO DE CONTRATACIÓN

EXPEDIENTE: PTG 2/2024

Contratación do servizo de limpeza dos Edifícios CEI, Tecnópolis I e Tecnópolis II e espazos anexos, situados no Parque Tecnológico de Galicia.

Mesa de contratación:

Presidente: Javier Taibo Gallego, Director Xerente de Parque Tecnológico de Galicia S.A.

Presidenta suplente: Sabela Bouzo Estévez, técnica do Departamento de Proxectos de PTG

Secretaria: María Luísa Pena Nieto, Directora do Departamento de Administración e Finanzas de PTG.

Secretaria suplente: Beatriz González-Tejada Jácome, técnica do Departamento de Proxectos de PTG.

Vogais:

- Noemí Lorenzo Carbajales, técnica do Departamento de Administración e Finanzas de PTG.

- María Isabel Soto Amigo, persoal do Departamento de Administración e Finanzas de PTG.

- Antonio Gómez Méndez, responsable do Departamento de Servizos Xerais de PTG.

Vogais suplentes: Beatriz Monfort Liniers, técnica do Departamento de Proxectos de PTG, Digna Pérez Saavedra e Edita Araceli Alonso Correa, estas últimas persoal do Departamento de Administración e Finanzas de PTG.

Características do procedemento:

Procedemento de adxudicación: aberto

Contrato suxeito a regulación harmonizada

Data de publicación do anuncio na PCPG: 04/04/2024

Data de publicación do anuncio no DOUE: 04/04/2024

Data de apertura pública das proposicións técnicas, sobre B: 07/05/2024

Data de apertura pública das proposicións económicas, sobre C: 20/05/2024

Primeiro.- OFERTAS PRESENTADAS

Presentáronse en prazo seis propostas das seguintes entidades:

LIMPIEZAS COMPOSTELA S.L.
EULEN S.A.
LIMPERGAL S.L.
SAMAIN SERVIZOS A COMUNIDADE S.A.
LIMPIEZA DE EDIFICIOS IBERCLEAN S.L.
SERVICIOS INDUSTRIALES REUNIDOS S.A.U.

As ofertas recibidas foron presentada a través do Sistema de Licitación Electrónico (SILEX).

A Mesa acordou admitir as seis propostas presentadas.

Segundo.- CRITERIOS DE VALORACIÓN DAS OFERTAS ADMITIDAS

O prego fai referencia aos criterios de adxudicación de forma resumida no punto 7 do "Cadro de características do contrato", tal e como se transcribe a continuación:

- 1. CRITERIOS QUE DEPENDEN DUN XUÍZO DE VALOR (de 0 a 50 puntos):** supoñen un peso do 50% na valoración total e valorárase de acordo co seguinte criterio:

- **Calidade da oferta técnica** elaborada de acordo co especificado no Prego de Prescricións Técnicas onde aparecerá acreditado o dominio conceptual, metodolóxico e técnico adecuado para a execución do contrato e reflectirá a capacidade técnica e requisitos necesarios para dar o servizo segundo o desenvolvemento previsto (máximo 50 puntos).

Esíxese un mínimo de 30 puntos a alcanzar neste criterio, por baixo do cal se considerará que as ofertas non reúnen os requisitos mínimos e por tanto serán descartadas e excluídas do procedemento de adxudicación.

A valoración e ponderación deste criterio de adxudicación (calidade da oferta técnica) realizarase atendendo aos seguintes aspectos (subcriterios de valoración), outorgando a puntuación máxima en cada subcriterio ao licitador que presente a mellor oferta e ao resto de forma proporcional:

- 1.1. Proposta de organización do servizo (máximo 10 puntos).
- 1.2. Plan de seguimento, control e avaliación do servizo (máximo 7 puntos).
- 1.3. Formación e experiencia da persoa designada con perfil de encargado/a. Só se valorará a experiencia que estea por encima dos mínimos esixidos (máximo 3 puntos).
- 1.4. Medios materiais achegados para a realización do servizo e que teñan relación directa co mesmo (máximo 10 puntos).
- 1.5. Existencia de etiquetas ecolóxicas da UE "EU Ecolabel" ou equivalente para os deterxentes para utilizar no servizo (máximo 5 puntos).
- 1.6. Plan de formación do persoal adscrito á execución do contrato (máximo 5 puntos).
- 1.7. Medidas de conciliación da vida persoal, laboral e familiar, que se aplicarán na execución do contrato. Valoraranse melloras dos permisos legalmente establecidos ou beneficios sociais para a atención das responsabilidades familiares que se aplicarán na execución do contrato. Para a valoración deste criterio terá que existir na empresa un plan de igualdade ou de conciliación no que deberán estar reflectidas as medidas concretas anteriormente citadas (máximo 10 puntos).

2. CRITERIOS QUE NON DEPENDEN DUN XUÍZO DE VALOR (de 0 a 50 puntos): supón un peso do 50% na valoración total e valorarase de acordo co seguinte criterio:

- Valoración económica (máximo 50 puntos)

Valoraranse as ofertas mediante a seguinte fórmula:

$$\text{Puntos a} = 50 * (1/n^{\circ}\text{of}) * [(Pb/Pa) + ((n^{\circ}\text{of}-1) * (Ba/Bm))]$$

Sendo:

Puntos a = puntuación valoración económica da oferta "a"

N^oof = número de ofertas presentadas

Pb = prezo da oferta máis baixa (sen IVE)

Pa = prezo da oferta "a" (sen IVE)

Ba = baixa da oferta "a"

Bm = baixa máxima realizada pola mellor oferta

Pm = orzamento base máximo de licitación (sen IVE)

Forma de calcular a baixa de cada oferta:

$$Ba = (Pm - Pa) / Pm$$

Quedarán excluídas do procedemento de adxudicación aquelas ofertas que superen o orzamento base máximo de licitación.

Terceiro.- VALORACIÓN DAS OFERTAS ADMITIDAS

Puntuación acadada polos licitadores nos criterios que dependen dun xuízo de valor:

O cadro resumo coas puntuacións acadadas polos licitadores na súa oferta técnica é o seguinte:

licitadores	subcriterios							
	1.1.	1.2.	1.3.	1.4.	1.5.	1.6.	1.7.	total
	(máx. 10)	(máx. 7)	(máx.3)	(máx. 10)	(máx. 5)	(máx. 5)	(máx. 10)	(máx. 50)
LIMPIEZAS COMPOSTELA S.L.	2	2	1	3	5	1	5	19
EULEN S.A.	7	2	1	8	5	4	7	34
LIMPERGAL S.L.	10	6	2	6	5	5	10	44
SAMAIN SERVIZOS A COMUNIDADE S.A.	8	7	3	10	5	4	7	44
LIMPIEZA DE EDIFICIOS IBERCLEAN S.L.	9	6	3	10	5	5	8	46
SERVICIOS INDUSTRIALES REUNIDOS S.A.U.	1	6	1	6	5	1	8	28

As ofertas presentadas polos licitadores LIMPIEZAS COMPOSTELA S.L. e SERVIZOS INDUSTRIALES REUNIDOS SAU son descartadas e excluídas do procedemento por non ter acadado a puntuación mínima esixida na calidade técnica.

Puntuación acadada polos licitadores nos criterios que non dependen dun xuízo de valor:

- Valoración oferta económica:

A proposta presentada polo licitador LIMPIEZA DE EDIFICIOS IBERCLEAN S.L. por importe de 57.780 €, IVE non incluído, resultou excluída do procedemento por incorrer en baixa temeraria.

Tendo en conta o establecido no Prego a puntuación que lle corresponde á cada proposta presentada e admitida é a seguinte:

Nome do licitador	Oferta económica (€ sen IVE)	Puntuación (máx. 50)
EULEN S.A.	72.968,65	40,67
LIMPERGAL S.L.	78.400,00	27,71
SAMAIN SERVIZOS A COMUNIDADE S.A.	69.104,51	50,00

Puntuación total acadada polos licitadores por orde decrecente:

nome do licitador	sobre B	sobre C	total
SAMAIN SERVICIOS A COMUNIDADE S.A.	44	50,00	94,00
EULEN S.A.	34	40,67	74,67
LIMPERGAL S.L.	44	27,71	71,71

Cuarto.- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN.

A Mesa de Contratación, examinadas todas as ofertas e baseándose nos criterios de valoración mencionados, presentou proposta de resolución a favor de **SAMAIN SERVICIOS A COMUNIDADE S.A.** por ter acadado máis puntuación.

Quinto.-

En data 28 de maio de 2024 o licitador **SAMAIN SERVICIOS A COMUNIDADE S.A.** recibiu a comunicación da proposta de resolución de adxudicación ao seu favor e déuselle o prazo de 10 días hábiles para aportar a documentación establecida nos Pregos.

Dentro do prazo estipulado a empresa procedeu a entregar a documentación requirida na comunicación de proposta de adxudicación.

En base a todo o anterior, o Órgano de Contratación,

RESOLVE:

- 1) Adxudicar á empresa **SAMAIN SERVICIOS A COMUNIDADE S.A.** a “**Contratación do servizo de limpeza dos Edifícios CEI, Tecnópolis I e Tecnópolis II e espazos anexos, situados no Parque Tecnológico de Galicia**” n° expediente **PTG 2/2024**, conforme á súa oferta técnica e económica, por un importe de **69.104,51 €** (IVE non incluído), con suxección ás condicións do Prego de Cláusulas Particulares e do Prego de Prescricións Técnicas que rexen a presente contratación.
- 2) Publicar esta adxudicación no Perfil do Contratante na Plataforma de Contratos Públicos de Galicia e notificar esta adxudicación á empresa adxudicataria e aos licitadores.
- 3) Formalizar o correspondente contrato dentro dos prazos establecidos, logo da notificación desta resolución aos licitadores.

En San Cibrao das Viñas, na data da sinatura dixital.

O DOCUMENTO ORIXINAL ESTÁ ASINADO DIXITALMENTE EN DATA 07/06/2024

Asdo. José Ramón Pardo Cabarcos

Representante do órgano de contratación de Parque Tecnológico de Galicia S.A.